



## NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

### CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

#### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** venres 29 de outubro de 2021

**Hora:** 20:00

**Lugar:** SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación “ope legis” das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da acta da sesión realizada o día 24 de setembro de 2021.



## DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS.

**2. Proposta da alcaldía relativa á ocupación de terreos en relación co proxecto construtivo da nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión. Expediente Nº: 2021/X999/000021.**

## DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA

**3. Proposta da alcaldía relativa á transferencia de crédito nº 5/2021. Expediente Nº: 2021/T002/000024.**

**4. Proposta da alcaldía relativa ao suplemento de crédito nº 4/2021. Expediente Nº: 2021/T002/000028.**

<b>B) PARTE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.</b>
---

**5. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento: da nº 941/2021 do 20 de setembro á nº 1076/2021 do 25 de outubro.**

**6. Dar conta dos seguintes asuntos: (Expediente Nº 2021/X999/000329):**

- Período medio de pagamento a provedores, 3º trimestre 2021.
- Informe de morosidade, 3º trimestre 2021.
- Execución trimestral do orzamento , 3º trimestre 2021.
- Custos servizos 2020.

**7. Mocións de urxencia.**

**8. Rogos e preguntas.**

## SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

## TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Cee, martes 26 de outubro de 2021



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Exp. 2021/G010/000013

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

Cee, martes 26 de outubro de 2021

A secretaria, Rosa Ana García Fernández